

Universidade de Vigo -
Rexistro Xeral

Saída Nº. 201700011803

RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE XULLO DE 2017 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NOS SISTEMAS INFORMÁTICOS E NA APLICACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS PARA O CURSO ACADÉMICO 2017/18.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 105 dos seus Estatutos, pode ofrecer ao seu estudiantado as bolsas de colaboración nos servizos de asistencia á comunidade universitaria; así como os programas complementarios de axudas para cubrir as necesidades non atendidas ou insuficientemente atendidas polas administracións públicas.

Por isto, é conveniente a tramitación dun expediente para a convocatoria de bolsas cuxa xestión realizárase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. A súa finalidade é fomentar unha mellor formación do alumnado a través do servizo que poida prestar á comunidade universitaria, colaborando en labores que se axusten a determinadas áreas de traballo definidas na presente convocatoria, en réxime de compatibilidade cos seus estudos e iniciándose así en tarefas vinculadas aos mesmos.

Ante a necesidade de seguir realizando actividades de formación para o estudiantado nos centros da Universidade de Vigo e en virtude das facultades que lle outorga a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta Universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria de **92 bolsas tipo PC** (Anexo I) e de **22 bolsas tipo SC** (Anexo II), para a formación complementaria do alumnado nos distintos campus da Universidade de Vigo en réxime de concorrencia competitiva
2. Ordenar a publicación da devandita convocatoria no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo e na páxina https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/bolsas/

As bolsas solicitaranse no modelo oficial e presentarase xunto coa documentación esixida nos lugares indicados no punto 8 das bases desta convocatoria **ata o 8 de setembro de 2017**. O modelo estará dispoñible na secretaría virtual.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no *artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Vigo, 13 de xullo de 2017

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta resolución publícase no taboleiro de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo.

Vigo 18 de xullo de 2017

A xefa da Área de Bolsas

P. Fandiño
Mª de la Purificación Fandiño Pérez

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NOS SISTEMAS INFORMÁTICOS E NA APLICACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS PARA O CURSO ACADÉMICO 2017/18.

1. OBXECTO

O obxecto das bolsas é a formación complementaria do estudantado da Universidade de Vigo no ámbito dos sistemas informáticos e na aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Estas bolsas están destinadas ao estudantado da Universidade de Vigo que estea cursando estudos de grao, ou máster oficial no curso 2017/2018 e manteña a condición de alumno/a destes estudos durante todo o período de duración da bolsa.

Queda excluído o alumnado de estudos non oficiais e o alumnado de doutoramento.

A persoa beneficiaria da bolsa deberá estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da mesma.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concurra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3. CARACTERÍSTICAS DAS BOLSAS

Os perfís das persoas candidatas para estas bolsas de formación complementaria do estudantado da Universidade de Vigo nos sistemas informáticos e na aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións (en adiante ATIC), deberán atender as seguintes funcións que enmarcan o ámbito de formación no que se desenvolverán as mesmas:

Bolsas tipo PC-1 e PC-2:

- A custodia e o mantemento básico dos equipos informáticos.
- O asesoramento xeral ao usuario.
- O uso correcto dos equipos e dos programas informáticos.
- A detección das incidencias e das necesidades que se produzan informando á persoa coordinadora.
- A actualización da información aos usuarios no relativo ás salas.
- Outras tarefas de natureza similar ás descritas.

Bolsas tipo SC:

- Os estudos sobre as aplicacións ofimáticas.
- Os estudos relativos aos sistemas operativos.
- A instalación e o mantemento do hardware e do software.
- Os estudos do software libre.
- Os estudos nas redes e nas comunicacións.
- Os estudos nas redes telefónicas.
- Os estudos da programación web.
- Os estudos da programación PHP e SQL.

4. INCOMPATIBILIDADES

O goce das bolsas de formación complementaria ou colaboración é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

O goce destas bolsas será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria ou de colaboración convocada pola Universidade de Vigo.

Ademais, o estudantado non poderá gozar de ningunha bolsa co mesmo obxecto, “formación complementaria ou colaboración dos estudantes da Universidade de Vigo”, por un período igual ou superior a **dezaioito meses**, de forma consecutiva ou descontínua. Este límite terase en conta no momento de avaliación dos méritos. O cómputo do tempo como bolseiro de formación, farase por meses completos. Se a bolsa comeza antes do día 15 ou finaliza despois, incluído este, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite **de dezaioito meses**.

No caso de que a persoa bolseira goce dalgunha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECD, deberá solicitar ao Reitor a súa compatibilidade. En caso contrario, poderá ser causa de anulación da condición de persoa bolseira á **que se refire esta normativa**.

5. DURACIÓN

A duración máxima de cada bolsa será de 11 meses. Rematarán o 31 de outubro de 2018 (non se inclúe o mes de agosto).

O número máximo de horas de colaboración de cada unha das bolsas será de 20 horas semanais.

6. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A dotación económica bruta mensual de cada bolsa será dun máximo de 270,00€ para as bolsas tipo PC-1, de 400,00€ para o tipo PC-2 e de 480,00€ para o tipo SC. Estarán suxeitas ás retencións do I.R.P.F. e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nestas materias.

O cómputo das horas totais de colaboración estará en función do tipo de bolsa e do lugar concreto no que se desenvolva a actividade, tal e como aparecen reflectidas no anexo I e II.

O importe total desta acción ascende a un máximo de 494.327,24€ (a espensas do incremento que poida sufrir a cuota patronal do ano 2018).

o 2017 0000 121D 482.11: o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 89.877,68€ (81.200,00€ pola dotación bruta das bolsas e de 8.677,68€ en concepto de cota patronal).

o 2018 0000 121D 482.11: o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 404.449,56€ (365.400,00€ pola dotación bruta das bolsas e de 39.049,56€ en concepto de cota patronal).

O pagamento farase por meses vencidos. Retribuirá as horas realizadas nese período conforme o establecido nesta convocatoria sempre que o beneficiario/a estea ao corrente dos seus pagos de matrícula coa Universidade. O pago farase efectivo nos primeiros sete días do mes seguinte.

Se a actividade a desenvolver polo bolseiro en cada mes non se correspondera ás condicións fixadas nesta convocatoria e para poder adecuar o pago á actividade real realizada neste mes; a persoa titora deberá emitir un informe facendo constar a actividade realizada e achegalo a Área de Bolsas antes do día 25 do mes en curso. Este informe poderá ser tido en conta en futuras convocatorias.

7. ORGANIZACIÓN

Os bolseiros e as bolseiras estarán baixo a responsabilidade da persoa coordinadora, que poderá delegar nun titor ou titora o seu seguimento.

O tempo de dedicación estará comprendido entre 10 e 20 horas semanais de colaboración, tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico. Excepcionalmente, trala oportuna xustificación, poderase establecer outro tempo de dedicación sempre e cando non se superen o 50% dos créditos matriculados no curso académico, de acordo co disposto no artigo 5.1.b) do Real decreto. 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario.

A dedicación de cada bolseiro/a debe adecuarse á súa carga lectiva. A persoa bolseira poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación entre as distintas semanas dentro do mesmo mes.

8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTOS

As persoas solicitantes deberán cubrir o modelo oficial de solicitude que se atopa na páxina web da Universidade a través da secretaría virtual <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/>

A solicitude presentárase xunto cos documentos esixidos no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día **8 de setembro de 2017**.

As persoas solicitantes xunto coa solicitude deben presentar os seguintes documentos:

1. A fotocopia do NIF, NIE, pasaporte ou documento de identificación vixente.
2. A certificación académica oficial; no caso de que os estudos se realizaran noutra universidade distinta da Universidade de Vigo.
3. A ficha persoal de pagamentos (Anexo 4)
4. Declaración responsable das axudas para calquera finalidade, coa excepción da convocatoria xeral do MECD, das que se gozará durante o período de prestación da presente bolsa (Anexo 5).

As persoas solicitantes tamén se lles poderán requirir que acheguen aqueles outros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a prestación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións e enquisas; o seguimento dos servizos universitarios prestados; así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e a prácticas en empresas.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia-Servizos Centrais, campus universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

9. SELECCIÓN

Unha vez recibidas as solicitudes, a Área de Bolsas, comprobará que cumpren os requisitos básicos da convocatoria e publicará a listaxe de persoas admitidas e excluídas provisional, indicando, de ser o caso, os motivos de exclusión. Daralles un **prazo de cinco días hábiles** para emendar os erros e achegar a documentación requirida, advertindo ás persoas solicitantes que, no caso de non facelo, se lles dará por desistidos neste proceso.

Unha vez emendados os erros, a Área de Bolsas elaborará e publicará a listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva, indicando o motivo de exclusión de ser o caso.

O proceso de selección farase por unha Comisión de Valoración que será designada polo reitor e estará formada por:

- O/a vicerreitor/a de Economía e Planificación, que será o/a presidente/a.
- O/a vicerreitor/a do Campus de Ourense.
- O/a vicerreitor/a do Campus de Pontevedra.
- O/a director/a da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions.
- O/a director/a da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.
- O/a director/a da Escola Superior de Informática.
- Un/unha representante do alumnado.

O criterio xeral de valoración para poder optar a estas bolsas será ter superado un número de materias mínimas dentro das clasificadas como vinculadas e que aparecen recollidas no anexo III:

TIPO BOLSA	MATERIAS MÍN.*
PC-1	1
PC-2	2
SC	5

Os criterios específicos de valoración que aplicará a Comisión de Valoración serán os seguintes:

1. A nota media do expediente académico. Suporá ata un máximo do 55% (calculada segundo á Resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011, DOG do 30 de setembro de 2011).

2. A nota media do expediente vinculado. Suporá ata un máximo do 45% (teranse en conta todos os estudos oficiais realizados (grao, máster, licenciatura, enxeñaría, diplomatura); polo contrario, os créditos convalidados, adaptados e recoñecidos non se terán en conta).

Para este último cálculo, teranse en conta as materias superadas polo alumno que teñan unha vinculación directa coa informática e que veñan recollidas na listaxe do anexo III. Cada unha destas materias multiplicarase pola cualificación obtida polo alumnado, así como polo número de créditos que teña a mesma. O resultado desta operación dividirase polo número total dos créditos vinculados. Por último, a esta operación sumaráselle un coeficiente corrector de 0,11 por cada unha das materias superadas.

$$\text{Nota media exp.vinculado.} = \frac{\sum (\text{Cualificación} \times \text{N}^\circ \text{ créditos/materia})}{\text{N}^\circ \text{ créditos totais}} + 0,11 \times \text{materias superadas}$$

A puntuación total do alumno será a suma dos dous apartados anteriores.

Rematado o proceso de selección, publicarase a resolución provisional de persoas candidatas, de acordo coa puntuación obtida e de persoas excluídas xunto co seu motivo. Fixarase un **prazo de cinco días hábiles**, que contarán dende o día seguinte á publicación, para que as persoas candidatas presenten as alegacións que consideren oportunas ante a presidencia da Comisión.

Unha vez que se resolvan as alegacións, publicarase a resolución definitiva das persoas candidatas coa puntuación obtida e das persoas excluídas xunto co seu motivo.

Tamén se indicará nesta publicación o lugar, a data e a hora para a escolla nos distintos campus. As persoas candidatas que non poidan asistir á escolla das bolsas poderán nomear unha persoa representante para que actúe no seu nome. A representación debe estar suficientemente acreditada.

A escolla e a adxudicación farase de acordo cos criterios de mellor avaliación das persoas candidatas e terán que achegar nese momento un certificado actualizado da súa vida laboral emitido pola Tesourería da Seguridade Social xunto coa documentación necesaria para ser dado de alta no sistema de Seguridade Social. Aquelas persoas que non fosen beneficiarias da bolsa formarán parte da listaxe de agarda que se empregará para substituír as baixas e demais incidencias.

Rematado o proceso anterior, publicarase a resolución reitoral de adxudicación das bolsas que conterá a listaxe das persoas beneficiarias e as listaxes de agarda as cales estarán ordenadas de maior a menor puntuación.

Todas as resolucións e listaxes ás que se refire este punto publicaranse nos taboleiros do rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo e na páxina https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/bolsas/

10. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas bolseiras propostas presentaranse á persoa coordinadora no día, no lugar e na hora indicada na resolución definitiva. No caso de que a persoa beneficiaria non se presente, entenderase que renuncia á bolsa e o seu posto será ocupado por outra persoa solicitante da listaxe de agarda segundo a orde establecida.

A renuncia voluntaria á bolsa farase por escrito e será comunicada á persoa coordinadora con un mínimo de 20 días de antelación. A renuncia sen causa xustificada, será penalizada e impedirá o acceso a outra bolsa co mesmo obxecto durante un período de 12 meses. Correspóndelle á Vicerreitoría de Economía e Planificación a avaliación das causas alegadas.

11. OBRIGAS DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS

As persoas que se benefician das bolsas teñen as seguintes obrigas:

- Colaborar nas actividades descritas no punto 3 desta convocatoria.
- Estar matriculado na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- Colaborar nos programas relacionados coas bolsas e completar o plan formativo do mesmo.
- Comunicar calquera variación da súa situación laboral ao longo de todo o período de duración da bolsa.
- Ademais as persoas beneficiarias deben cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sea de aplicación.

12. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión destas bolsas e a permanencia na lista de agarda, será revogada polos seguintes motivos:

- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria no punto 11.
- A ocultación de datos, a alteración ou calquera outra manipulación da información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria no punto 4.
- A emisión dun informe desfavorable da persoa coordinadora por incumprimento do desenvolvemento propio do obxecto da bolsa, previa tramitación dun expediente contradictorio.

A revogación da axuda, suporá, de ser o caso, o reintegro do importe da bolsa concedida ás persoas beneficiarias.

13. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Todas as dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas pola Comisión de Valoración establecida no punto 9 desta convocatoria.

Calquera reclamación ou queixa farase chegar á Área de Bolsas a través da persoa coordinadora.

O goce da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación (publicado no BOE do 27 de outubro respecto á alta na Seguridade Social).

As persoas bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non supón ningún compromiso de cara á posterior incorporación dos bolseiros e das bolseiras aos cadros de persoal da Universidade.

ANEXO I

BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDIANTE NA UNIVERSIDADE DE VIGO NOS SISTEMAS INFORMÁTICOS

CAMPUS DE OURENSE

PC-1		
Centro	Nº Bolsas	Horas/mes
Facultade de Ciencias	2	60
Facultade de Historia	1	60
Facultade de Ciencias da Educación	4	60
Facultade Ciencias Empresariais de Turismo	3	60
Facultade de Dereito	1	60

PC-2		
Centro	Nº Bolsas	Horas/mes
Vicerreitoría Campus Ourense	3	80
Facultade de Ciencias	1	80
Facultade de Historia	1	80
Facultade Ciencias da Educación	2	80
Facultade Ciencias Empresariais de Turismo	2	80
Facultade de Dereito	1	80
Escola Superior de Enxeñaría Informática	3	80
Escola de Enx. Aeronáutica e do Espacio	1	80

CAMPUS DE PONTEVEDRA

PC-1		
Centro	Nº Bolsas	Horas/mes
Escola de Enxeñaría Técnica Forestal	3	60
Facultade de Fisioterapia	1	60
Facultade de Belas Artes	3	60
Facultade Ciencias da Educación e do Deporte	3	60

PC-2		
Centro	Nº Bolsas	Horas/mes
Facultade de Belas Artes	2	80
Facultade de Ciencias Sociais e da Educación	5	80

PC-1		
Centro	Nº Bolsas	Horas/mes
E.T.S. Enxeñaría de Minas	2	60
E.U. Estudos Empresariais	2	60
Escola de Enxeñaría Industrial	8	60
Escola de Enxeñaría Industrial - Sede cidade	4	60
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	4	60
Facultade de Bioloxía	2	60
Facultade de CC Económicas e Empresariais	4	60
Facultadde de CC Xurídicas e do Traballo	3	60
Facultade de Filoloxía e Tradución	2	60

PC-2		
Centro	Nº Bolsas	Horas/mes
Biblioteca Central	3	80
E.T.S. Enxeñaría de Minas	1	80
E.U. Estudos Empresariais	1	80
Escola de Enxeñaría Industrial	3	80
Escola de Enxeñaría Industrial - Sede cidade	3	80
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	2	80
Facultade de Bioloxía	2	80
Facultade de CC Económicas e Empresariais	2	80
Facultadde de CC Xurídicas e do Traballo	1	80
Facultade de Filoloxía e Tradución	1	80

ANEXO II

BOLSAS TIPO SC PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

<i>ATENCIÓN A USUARIOS</i>		<i>Obxecto da bolsa: atención a usuarios dos recursos informáticos da UVigo</i>	
Centro	Campus	Nº Bolsas	Horas/mes
ATIC-Saum	Vigo	4	80
ATIC- Ámbito Tecnolóxico	Vigo	1	80
ATIC- Ámbito Científico	Vigo	1	80
ATIC- Ámbito Humanidades-Xurídico-Social	Vigo	1	80
ATIC- Pontevedra	Pontevedra	1	80
ATIC- Ourense	Ourense	1	80

<i>BIBLIOTECA CENTRAL</i>		<i>Obxecto da bolsa: atención a usuarios dos recursos informáticos da UVigo</i>	
Centro	Campus	Nº Bolsas	Horas/mes
ATIC-Biblioteca Central	Vigo	1	80

<i>COMUNICACIÓNS</i>		<i>Obxecto da bolsa: Comunicacións</i>	
Centro	Campus	Nº Bolsas	Horas/mes
ATIC-Comunicacións	Vigo	1	80

<i>DESENVOLVEMENTO WEB</i>		<i>Obxecto da bolsa: Tarefas de soporte da web da UVigo</i>	
Centro	Campus	Nº Bolsas	Horas/mes
ATIC-Desenvolvemento web	Vigo	1	80
ATIC-Desenvolvemento web	Ourense	1	80
ATIC-Desenvolvemento web	Pontevedra	1	80

<i>CAMPUS VIRTUAL</i>		<i>Obxecto da bolsa: Programa Tempus</i>	
Centro	Campus	Nº Bolsas	Horas/mes
ATIC-Teledocencia-Vigo	Vigo	4	80

<i>VIDEOCONFERENCIA</i>		<i>Obxecto da bolsa: Videoconferencias</i>	
Centro	Campus	Nº Bolsas	Horas/mes
ATIC-Videoconferencia	Ourense	1	80
ATIC-Videoconferencia	Pontevedra	1	80
ATIC-Videoconferencia	Vigo	2	80

ANEXO III

LISTAXE DE MATERIAS VINCULADAS

CÓDIGO	MATERIA
101610002	Debuxo asistido por ordenador
101611617	Teledetección
101611623	Física computacional
102410002	Informática para as ciencias humanas e sociais
104011206	Informática aplicada á xestión da empresa
104011614	Sistemas contables informatizados
104011708	Ofimática, técnicas informáticas administrativas
104110520	Sistemas de información para as pemes
105111703	Aplicación do ordenador ao ensino das matemáticas
105611121	Análise de datos
106010006	Informática II
106011609	Arquitecturas avanzadas
106012001	Introdución aos servizos de internet
106012051	Seguridade en sistemas de información
106012103	Estrutura de datos e da información
106012104	Estrutura e tecnoloxía de computadores
106012106	Fundamentos de programación
106012109	Metodoloxía e tecnoloxía da programación
106012122	Laboratorio de programación básica
106012201	Ampliación de estrutura de datos e da información
106012202	Ampliación de estrutura e tecnoloxía de computador
106012203	Enxeñería do software de xestión
106012206	Sistemas operativos
106012222	Bases de datos
106012223	Laboratorio de programación
106012224	Teoría de autómatas e linguaxes formais
106012301	Planificación de proxectos informáticos
106012321	Desenvolvemento avanzado do software
106012322	Linguaxes de programación
106012323	Redes de computadores
106012611	Ampliación de bases de datos
106012612	Introdución aos sistemas informáticos intelixentes
106012613	Metodoloxías avanzadas de desenvolvemento de software
106012614	Programación avanzada
106012615	Sistemas de tempo real
106012621	Auditoría informática
106012622	Configuración de sistemas informáticos
106012623	Laboratorio de xestión
106012625	Planificación e explotación de sistemas informáticos
106012701	Ampliación de sistemas operativos
106012703	Contornos de programación
106012704	Deseño de interfaces de usuario
106012706	Informática gráfica
106012707	Introdución á xestión informática
106012711	Sistemas multimedia
106110001	Mundos virtuais
106110051	Deseño práctico de intranets corporativas
106110052	Programación de videoxogos
106110401	Arquitectura e enxeñería de computadores

CÓDIGO	MATERIA
106110401	Arquitectura e enxeñería de computadores
106110402	Análise de requisitos
106110403	Deseño do software
106110404	Procesadores de linguaxe
106110405	Redes
106110406	Lóxica para a computación
106110407	Administración e configuración de sistemas operativos
106110408	Programación declarativa
106110411	Sistemas cliente-servidor e procesos cooperativos
106110412	Tecnoloxía de obxectos
106110421	Planificación de sistemas de información
106110501	Intelixencia artificial
106110502	Métodos formais na enxeñería do software
106110503	Sistemas informáticos
106110504	Administración e deseño de bases de datos
106110505	Concorrencia e distribución
106110511	Deseño de sistemas de tempo real
106110512	Sistemas multiutente
106110513	Modelado e simulación de sistemas informáticos
106110514	Robótica
106110515	Sistemas tolerantes a fallos e seguridade
106110516	Deseño e xestión de redes de comunicacións
106110517	Tecnoloxía de obxectos
106110521	Calidade dos sistemas de información
106110522	Servizos de rede
106110523	Linguaxes naturais
106110524	Modelos de razoamento e aprendizaxe
106110525	Modelos avanzados de bases de datos
106110526	Técnicas de representación gráfica
106110527	Verificación formal
106110751	Investigación operativa
106110752	Procesamento paralelo
106110753	Tecnoloxías multimedia
201000502	Vídeo
201000504	Arte e ordenador
201010221	Imaxe en movemento: introdución
201010626	Instalacións e intervencións multimedia
201010801	Arte e ordenador
202111209	Novas tecnoloxías aplicadas á educación
202211210	Novas tecnoloxías aplicadas á educación
202311212	Novas tecnoloxías aplicadas á educación
202411213	Novas tecnoloxías aplicadas á educación
202411713	Informática musical
203010016	Introdución ao análise de datos por ordenador
204011101	Deseño, composición visual e tecnoloxía en prensa
204011111	Teoría da comunicación e da información
204011226	Tecnoloxía dos medios audiovisuais
204011633	Laboratorio de produción publicitaria en internet
204011908	Teoría da comunicación e da información
204110206	Sistemas de información na administración pública

CÓDIGO	MATERIA
204110215	Informática de xestión
204210109	Teoría da comunicación e teoría da información
204210221	Deseño gráfico animación en contornos audiovisuais e multimedia
204210683	Banda sonora e tratamento do son
204210689	Laboratorio de innovacións tecnolóxicas e aplicacións audiovisuais
204210691	Proxecto audiovisual
204210711	Informática aplicada ao deseño en internet
204210718	Tratamento informático da imaxe e o son
204210807	Multimedia e redes na ensinanza aberta e a distancia
204210815	Videocreación e novas propostas audiovisuais
301212709	Linguaxe e informática
301410307	Informática aplicada á tradución
301411401	Informática aplicada á tradución
